

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 20 DE ABRIL DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte de abril de dous mil vinte; as once horas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros/as : Dona María Luz Expósito Pérez, dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

Escrito de dona María Teresa Rodríguez Estévez, en representación do grupo municipal do BNG sobre medidas urxentes a tomar na Fundación Nosa Señora dos Anxos para garantir a seguridade do asilo ante a crise sanitaria derivada do Covid-19.

Ribadavia, 29 de marzo de 2020. O pasado xoves día 26 celebrouse na casa do Concello unha xuntanza dos membros do padroado da Fundación Asilo Nosa Señora dos Anxos xunto con persoal de diversos servizos municipais claves durante o estado de alarma. Esta reunión sumouse a outras xuntanzas informativas realizadas entre os portavoces municipais de xeito telemático nas que, dende este grupo municipal, manifestamos que as nosas maiores preocupacións eran:

- A aglomeración de xente que se produce en determinados puntos (supermercados, farmacias, etc) así como a gran cantidade de xente que segue a saír da casa inxustificadamente, representando elo o maior perigo para que se produzan contaxios comunitarios, polo que o labor de vixianza e desinfección do Concello debería centrarse nestes puntos.

- O enorme risco que supón o asilo e o servizo de axudo no fogar, xa que as persoas que atenden ás persoas anciás, as máis vulnerables, carecen en moitos casos de material adecuado e, sobre todo, non puideron facer aínda o test de detección de Covid-19. Dado que o coronavirus ten a capacidade de contaxiarse aínda que as persoas que o portan

sexan asintomáticas, a realización de test ao persoal que traballa no asilo e no SAF é fundamental para previr a extensión do Covid-19 entre a nosa poboación anciá.

Lamentablemente, as residencias de anciáns están a ser o punto máis perigoso de propagación do coronavirus e onde máis estragos causa. De pouco valen os esforzos que fagan noutras áreas (de feito podemos cualificar de escasamente urxente para a saúde pública a fumigación de espazos públicos, que distrae numerosos recursos doutras medidas máis necesarias), se expomos ao persoal do asilo e o SAF, así como as persoas a quen coidan, a traballar sen ter realizado o test de detección do Covid-19.

Polo tanto, urximos ao alcalde de Ribadavia, presidente da Fundación Nosa Señora dos Anxos a tomar as seguintes medidas:

- reclamar da consellería de sanidade a realización con urxencia de test de detección de Covid-19 ao persoal que traballa no asilo e máis no SAF, e a continuación aos anciáns usuarios destes servizos

- reclamar da consellería de política social o material adecuado e suficiente para o traballo no asilo e no SAF

- informar ás familias dos anciáns residentes no asilo da situación actual na que un traballador está diagnosticado como portador do Covid-19 e ofrecerlle a posibilidade de que se trasladen aos seus domicilios familiares mentres dure a emerxencia sanitaria, coa posibilidade de que reciban a prestación do servizo de axuda no fogar

- solicitar da consellería de política social colaboración para trasladar ás persoas internas do asilo a residencias pertencentes á consellería de política social

Esta proposta derívase da responsabilidade que asumimos como membros da corporación municipal e máis do padroado da Fundación Asilo Nosa Señora dos Anxos e, sobre todo, da nosa extrema preocupación polas persoas que traballan e reciben os servizos do asilo e do servizo de axuda no fogar. Utilizamos canles internas porque non queremos alarmar e si axudar na medida do posible.

Rogámoslle de traslado do presente escrito aos demais membros do padroado.

A xunta de goberno acorda comunicar que os test no asilo foron realizados o día 17 de abril de 2020.

Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, en representación do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello 2020-E-RE-84:

Exposición de Motivos : En continuidade cos anteriores escritos rexistrados -

En relación coa situación interna no Asilo de Ribadavia e co estado de Alarma vixente.

1º. O domingo 29 de marzo tivemos información os membros do Padroado do positivo dun traballador do Asilo. Ese mesmo día rexistro o seguinte escrito reclamando Que se realice urxentemente o test a todos os profesionais sanitarios e coidadores de Ribadavia, do Asilo, Axuda no fogar e aos profesionais sanitarios. Esta mesma petición é unánime en todos os grupos do Concello durante este tempo.

2º. O luns 30 de marzo recibimos todos os membro do Padroado un escrito detallado da información interna do Asilo así como das medidas preventivas adoptadas. Informámenos que se realiza a petición de probas- test ás autoridades sanitarias.

3º. O venres 3 de abril, recibimos a información de que unha nova traballadora deu positivo, e que o último día que estivo traballando foi o sábado. Que non é unha traballadora de atención directa, non tivo contacto estreito cos residentes e por suposto traballou todo o día con mascara. Seguimos vixiando síntomas en residentes e seguen sin detectarse. En epidemioloxía insisten en que seguamos coas mesmas medidas que vimos adoitando. Xa están avisados no centro de saúde, temos contacto diario con eles. Estamos a espera de si se fan test xeneralizados nas residencias. De momento non nos comunicaron nada.

4º. A semana do 6, 7 e 8 de abril faise público que outros Asilos da provincia de Ourense desde o SERGAS están realizando as probas test desde como mínimo o domingo 5 de abril.

5º. En todas estas semanas desde o Concello como desde o Asilo estívose realizando a solicitude de test para internos e traballadores de forma reiterada desde o propio luns 30 de marzo, sendo a última vez na que se remitiu escrito o día 8 de abril. Remitíronse sendos escritos solicitando probas á xefatura territorial da Consellería de sanidade en Ourense, e á propia Consellería de sanidade a Santiago, con número de Rexistro de saída 2020-S-RC-759 e 2020-S-RC-758 respectivamente.

A pesar destas reiteradas demandas, o SERGAS non só non acudiu a Ribadavia a realizar ditas probas, cuestión esta que sería xustificable dadas as circunstancias que vivimos en toda Galicia, pero polo contrario **si acudiron a outras Residencias e Asilos de concellos veciños** a realizar ditos test e a pesar de que nalgún destes Asilos nin tiñan casos con síntomas nin casos con positivos, como si é o noso Asilo.

SOLICITAMOS:

Despois de comprobar cunha enorme impotencia que as Autoridades sanitarias fan ouvidos xordos á nosa reclamación de realizar probas Test para residentes e traballadoras, chegamos á conclusión que debemos facer algo máis. Nese sentido, non podemos quedar paralizados nin pasivos mentres non chega a axuda que é imprescindible.

Todos e todas sabemos que nin o bo facer dos nosos traballadores nin que os residentes non mostren síntomas, é unha garantía de nada, pois falamos dun Virus moitas veces a-sintomático.

Por conseguinte, como concelleiro de Ribadavia, pido que este Concello a través do seu goberno actúe de maneira máis activa e contundente.

1º. O Concello de Ribadavia denuncie por cauces internos administrativos, e publicamente, a indefensión que nos causan as Autoridades Sanitarias a realizar as probas test nos Asilos e Residencias privadas da comarca cunha situación análoga ao noso, e pedindo e reclamando publicamente que se realice o TEST-PROBAS CON URXENCIA no noso Asilo e no servizo municipal de Axuda no Fogar, tanto a usuarios e residentes como aos traballadores.

2º. Reitero e Pido que desde o Concello e/ou desde o propio Padroado se proceda a comprar ou adquirir con urxencia estes TEST, se así fora posible xa que entendo a dificultade existente nun estado de alarma. Sendo este punto 2º compatible co 1º. Tal e como xa pedimos no anterior escrito.

3º. Reclamamos que o Concello traslade información aos grupos e á cidadanía ribadaviense sobre:

- Casos reais cuantitativos de afectados/as no noso municipio. Desde o pasado 8 de abril sen dar información ao respecto.

- Número de falecidos no municipio relacionados co COVID19. A poboación ten que concienciarse que este é un problema grave, tamén no noso municipio.

- Número de recuperados. A poboación debe ter exemplos e referencias para o optimismo.

- Casos positivos que existiron no Asilo, como método de presión ás Autoridades sanitarias. Non se debe ocultar unha información tan importante á cidadanía, o noso grupo xa o solicitou reiteradamente no seo do Padroado do Asilo, sendo negada a nosa petición. Polo que estamos na obriga de reclamalo aquí como institución principal que somos no municipio e tamén no seo do Asilo.

4º. Reclamamos que o goberno non actúe unilateralmente e achegue posicións ás propostas e peticións de todos os grupos. Pola contra vemos como a man tendida de

todos os grupos e a vocación de unidade foi mal interpretada por este goberno e sobre todo polo actual Alcalde dunha maneira moi errada, desde o noso punto de vista. Ningunha das accións da Alcaldía favorecen saír desta tremenda crise de maneira unida e forte: nin as fotos de propaganda grotescas, nin exceso de notas de prensa sobre actividades accesorias, e aínda menos o desprezo a moitas das propostas que os demais grupos estamos facendo coa mellor das intencións, nin a banalización da crise vainos sacar desta tremenda situación. Pedimos volver á senda inicial do consenso e o diálogo.

É unha pena e unha decepción que desde a Alcaldía se dedique maior preocupación e tempo á actividades accesorias que preocuparse pola situación de tensión e estrés que se vive moitas veces no noso Asilo e nos servizos municipais, situación que se xenera pola incertidume de estar 15 días sen realizar as Probas que os propios protocolos sanitarios esixen, rabia que se intensifica cando vemos asilos e concellos veciños realizando esas probas.

5º. Se teñan en conta as propostas de mellora feitas polos grupos.

Reclamamos lealdade coa institución e cos grupos, e ademais pedimos transparencia nos datos e na información sobre a Crise en Ribadavia. Xa que temos datos que nos confirman que se está ocultando información, a pesar de que o noso grupo ten reclamado reiteradas veces que o Concello actúe con transparencia.

Compre recordar que estamos no medio dunha grave crise sanitaria, social e económica, e o Concello debe poñerse a traballar en serio. Volvemos a ofrecer a nosa man tendida e cooperación para facelo.

6º. Que se respecte o confinamento e o paro de aquelas actividades municipais que non sexan prioritarias, como por exemplo as obras municipais.

A xunta de goberno acorda comunicar que os test no asilo foron realizados o día 17 de abril de 2020.

Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, en representación do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello 2020-E-RE-81:

Exposición de Motivos : En continuidade cos anteriores escritos rexistrados -

En relación coa situación interna no Asilo de Ribadavia e co estado de Alarma vixente.

1º. O domingo 29 de marzo tivemos información os membros do Padroado do positivo dun traballador do Asilo. Ese mesmo día rexistro o seguinte escrito reclamando:

- Que se realice urxentemente o test a todos os profesionais sanitarios e coidadores de Ribadavia, do Asilo, Axuda

no fogar e aos profesionais sanitarios. Non é admisible que o principal sector de risco nesta crise sexan as persoas maiores e non se tomen as medidas necesarias para garantir que os seus cuidadores non están expostos. Non é admisible que as autoridades sanitarias se neguen a facer ditas probas.

De nada servirán as medidas de prevención se non aseguramos que as traballadoras e traballadores, así como

residentes do Asilo dan negativo na proba.

A Realización de probas a todas as profesionais, aínda que non manifesten síntomas, debe ser realizada para ter a

certeza de que as profesionais están ben e con boa saúde e os usuarios teñan as máximas garantías.

- **A Limpeza e desinfección interna do Asilo de maneira inmediata**, a cal se deba ter feito xa. E unha vez coñecido o

caso positivo dun traballador pedimos se adopten medidas urxentes de illamento e de seguridade para traballadoras e residentes.

2º. O luns 30 de marzo recibimos todos os membros do Padroado un escrito detallado da

información interna do Asilo así como das medidas preventivas adoptadas. Axuntase.

3º. O venres 3 de abril, recibimos a información de que unha nova traballadora deu positivo, e que

o último día que estivo traballando foi o sábado. Que non é unha traballadora de atención directa,

non tivo contacto estreito cos residentes e por suposto traballou todo o día con mascarilla.

Seguimos vixiando síntomas en residentes e seguen sin detectarse. En epidemioloxía insisten en

que seguamos coas mesmas medidas que vimos adoitando. Xa están avisados no centro de saúde,

temos contacto diario con eles. Estamos a espera de si se fan test xeneralizados nas residencias. De

momento non nos comunicaron nada.

4º. O propio día 3 de abril o noso grupo rexistra unha vez máis:

1º. Que o Concello de Ribadavia, e tamén a través do Padroado, lle reclama á Consellaría de Política Social da

Xunta que apoie ao noso ASILO, con recursos e apoio técnico, co obxectivo de cooperar na inconmensurable labor

que os traballadores e traballadoras do Asilo están a facer.

2º. Que o Concello de Ribadavia realice a desinfección interior do ASILO a través dunha empresa especializada, xa que a día de hoxe aínda non obtivemos resposta positiva das Administracións.

3º. Que o Concello continúe reclamando ás autoridades sanitarias que nos proporcionen probas--TEST para

todos e todas as nosas traballadoras que están en contacto con persoas maiores. Por desgraza esta reclamación

continúa sen ser atendida, a pesar de que a súa realización deba ser unha prioridade absoluta. Polo que pedimos un

esforzo especial desde o Concello á hora de facer a reclamación

5º. A semana do 6, 7 e 8 de abril facemos pública a nosa petición de TEST e de que é indispensable que se realicen Test-Probas no Asilo, despois de coñecerse que outros Asilos da

provincia de Ourense están realizándoos desde como mínimo o domingo 5 de abril.

Sen noticia de que a urxente petición sexa atendida polas autoridades **sanitarias**.

6º. O mércores 8 de abril, cheganos a información de que no Asilo esa mañá tivemos que derivar a urxencias a un residente por posible broncoaspiración. Recibindo no Asilo chamada da residencia informando de que a persoa faleceu. Ademais, por outro lado informáronnos que “nos mandan de volta unha residente que estaba ingresada. Non ten síntomas pero teremos que illala. Ten un cadro clínico moi complicado”.

SOLICITAMOS:

Despois de comprobar cunha enorme impotencia que as Autoridades sanitarias fan ouvidos

xordos á nosa reclamación de realizar probas Test para residentes e traballadoras, chegamos á

conclusión que debemos facer algo máis. Nese sentido, non podemos quedar paralizados nin

pasivos mentres non chega a axuda que é imprescindible.

Todos e todas sabemos que nin o bo facer dos nosos traballadores nin que os residentes non

mostren síntomas, é unha garantía de nada.

Por conseguinte, como membro deste Padroado e como concelleiro de Ribadavia, esixo que este

Padroado actúe.

1º. Realicemos unha comunicación pública que informe da situación do noso Asilo, con un

traballador e unha traballadora que deron positivo.

2º. Informemos do bo traballo de prevención realizado polos traballadores do Asilo.

3º. Esixamos que nos envíen probas- test para todos os usuarios e os traballadores.

A xunta de goberno acorda comunicar que os test no asilo foron realizados o día 17 de abril de 2020.

Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, en representación do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello 2020-E-RE-78:

“Exposición de Motivos : En relación co estado de Alarma vixente.

E como continuidade dos anteriores escritos rexistrados así como das peticións realizadas nas xuntas de portavoces.

SOLICITAMOS:

1º. Despois de moito tempo reclamándoo sen que se fixera aínda, pedimos unha vez máis unha solución urxente para dotar de Probas-test a todos os traballadores e traballadoras do ASILO e do SERVIZO de AXUDA no FOGAR .

Non compartimos nin admitimos que tras dous positivos no noso Asilo e tras facerse público que os Asilos da Fundación San Rosendo, entre outros da provincia, están a realizar sistematicamente probas-test nos seus Asilo, sen embargo o noso Concello aínda non conseguiu que a XUNTA realizara

as probas-test en Ribadavia, supoñendo esta situación unha grave discriminación para os e as nosas traballadoras e usuarias do servizo de Axuda no Fogar e do ASILO.

2º. Que o Concello de Ribadavia realice urxentemente a desinfección interior do ASILO a través dunha empresa especializada, xa que a día de hoxe aínda non obtivemos resposta positiva das Administracións. Non logramos a comprender nin compartimos que o Concello decidira fai semanas realizar traballos de desinfección nos exteriores do Asilo (cuestión que vemos positiva pero complementaria) e sen embargo non realizara aínda labores no interior, a pesar de darse dous casos positivos de traballadores. Parécenos unha irresponsabilidade.

Temos constancia do bo facer dos traballadores e xerente do Asilo nesta labor de desinfección diaria, mais complementaria cunha acción total do interior do Asilo que estamos reclamando.

Tamén nos consta que desde o Concello de Ribadavia se está solicitando reiteradamente, á Subdelegación do goberno do Estado, que a UME (Ministerio Defensa) e á Xunta de Galicia, á Consellaría de Política Social, que nos envíen a Ribadavia unha brigada para tarefas de desinfección interna do ASILO de Ribadavia e que o realicen con urxencia. Cuestión esta que non é óbice para que se leve a cabo a nosa reclamación.

3º. Que se dote de material de prevención (como mínimo, mascas e luvas) ao sector do Transporte público de pasaxeiros en TAXI. Que se dote de material desinfectante ao servizo público de Taxis.

4º. Que se dote de máis material de prevención ás traballadoras do Servizo Municipal de Axuda no Fogar (incluíndo máis EPIS). Que se dote de material desinfectante ás traballadoras de Axuda no Fogar.

5º. Que o Concello de Ribadavia, e tamén a través do Padroado, se lle reclama á Consellaría de Política Social da Xunta que apoie ao noso ASILO, con recursos e apoio técnico, co obxectivo de cooperar na inconmensurable labor que os traballadores e traballadoras do Asilo están a facer. Da mesma maneira a XUNTA está anunciando que está apoiando a diferentes Asilos de Galicia con persoal técnico e recursos, se é verdade isto sería unha nova discriminación con Ribadavia.

6º. Reclamamos que a Policía Local intensifique a súa acción nas filas e colas que se forman a diario en mercados e outros comercios e servizos de Ribadavia co obxecto de que se cumpran os protocolos de prevención e seguridade.

7º. Que o Concello de Ribadavia lle reclame á xerencia provincial de Ourense do SERGAS que proporcione os datos cuantitativos de afectados no noso municipio, para que a poboación poida ter información transparente e real cuantitativa de afectados no noso municipio e comarca. Da mesma maneira que o Goberno do Estado está a facer diariamente, pedímoslle ao Goberno Galego e ao SERGAS que faga o mesmo e lle traslade a informacións aos Concellos. Ribeiro en Común considera que a Xerencia provincial de Ourense do SERGAS debe proporcionar información cuantitativa a todos os Concellos sobre o número de afectados que hai no seu municipio, xa que son os Concellos as Administracións máis próxima á xente nesta crise. Pedimos que o Concello traslade toda a información municipal que se está dando, e o faga por canles oficiais do Concello, tanto en redes sociais (a día de hoxe estase facendo só en perfís persoais, que tamén) como tamén en cartelaría por todos os núcleos do municipio, para facilitar o acceso a toda a poboación de maneira aberta.

Cuestións trasladadas na xunta de portavoces telemática mantida no día de hoxe e ás que lle damos rexistramos no Rexistro do Concello.”

A xunta de goberno acorda comunicar que os test no Asilo foron realizados o día 17 de abril de 2020.

-

Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, en representación do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello 2020-E-RE-74:

“Exposición de Motivos : En relación co estado de Alarma vixente.

E como continuidade dos anteriores escritos rexistrados así como das peticións realizadas nas xuntas de portavoces.

SOLICITAMOS:

1º. Que o Concello de Ribadavia, e tamén a través do Padroado, lle reclama á Consellaría de Política Social da Xunta que apoie ao noso ASILO , con recursos e apoio técnico, co obxectivo de cooperar na incommensurable labor que os traballadores e traballadoras do Asilo están na facer.

2º. Que o Concello de Ribadavia realice a desinfección interior do ASILO a través dunha empresa especializada, xa que a día de hoxe aínda non obtivemos resposta positiva das Administracións. Polo que tamén pedimos que o Concello de Ribadavia Reitere, á Subdelegación do goberno do Estado, que a UME (Ministerio Defensa) e á Xunta de Galicia, á Consellaría de Política Social, para que nos envíen a Ribadavia unha brigada para tarefas de desinfección interna do ASILO de Ribadavia e que o realicen con urxencia. O mesmo para outros espazos sensibles.

3º. Que o Concello continúe reclamando ás autoridades sanitarias que nos proporcionen probas--TEST para todos e todas as nosas traballadoras que están en contacto con persoas maiores. Por desgraza esta reclamación continúa sen ser atendida, a pesar de que a súa realización deba ser unha prioridade absoluta. Polo que pedimos un esforzo especial desde o Concello á hora de facer a reclamación.

4º. Reclamamos que se proceda a axilizar a contratación de maneira urxente de auxiliares de Policía Local para reforzar o servizo neste momento tan necesario.

5º. Que o Concello de Ribadavia lle reclame á xerencia provincial de Ourense do SERGAS que proporcione os datos cuantitativos de afectados no noso municipio, para que a poboación poida ter información transparente e real cuantitativa de afectados no noso municipio e comarca. Da mesma maneira que o Goberno do Estado está a facer diariamente , pedímoslle ao Goberno Galego e ao SERGAS que faga o mesmo e lle traslade a informacións aos Concellos. Ribeiro en Común considera que a Xerencia provincial de Ourense do SERGAS debe proporcionar información cuantitativa a todos os Concellos sobre o número de afectados que hai no seu municipio, xa que son os Concellos as Administracións máis próxima á xente nesta crise. Pedimos que o Concello traslade toda a información municipal que se está dando, e o

faga por canles oficiais do Concello, tanto en redes sociais (a día de hoxe estase facendo só en perfís persoais, que tamén) como tamén en cartalaría por todos os núcleos do municipio, para facilitar o acceso a toda a poboación de maneira aberta .

Cuestións abordadas na xunta de portavoces telemática mantida no día de hoxe e ás que lle damos rexistramos no Rexistro do Concello.”

A xunta de goberno acorda comunicar que os test no asilo foron realizados o día 17 de abril de 2020.

-

-Escrito de dona Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do Grupo Municipal Socialista de Ribadavia , con rexistro de entrada no concello número 1688 de 14 de abril de 2020:

Dende o comezo da pandemia Covid-19 , levamos insistindo en que se leve a cabo a realización das probas test PCR a traballadores/as e residentes do Asilo Nosa Señora dos Anxos de Ribadavia como medida de diagnóstico e prevención.

Sabemos que a incidencia é maior na poboación de maior idade, ao tratarse dun grupo máis vulnerabel por mor das súas pluripatoloxías e o feito de vivir en residencias tamén aumenta o risco de contaxio.

Estamos a ver como se intensificaron noutras residencias de maiores a realización das probas test PCR, como medida de diagnóstico. Como membros do Padroado , somos coñecedores do labor escrupuloso que as traballadoras están a facer en materia de prevención por medio da desinfección e tamén na atención dos nosos maiores, xa que non presentan a sintomatoloxía nin afectación que estamos a ver noutras residencias.

Como ao Grupo Socialista , o que nos atinxe é a saúde e benestar do persoal e residentes do Asilo ,non os temas de publicidade partidistas, e queremos continuar nesa liña ,incluso ir máis alá para ter a completa seguridade e evitar preocupacións.

Solicitamos ao goberno de Ribadavia , ao igual que o faremos chegar aos nosos representantes políticos:

Se leve a cabo por parte da Xunta de Galicia o seu cometido,que é o único que se lles está a pedir, facer as probas test PCR aos residentes e traballadores /as da Fundación Nosa Señora dos Anxos, na maior brevidade posible. Xa pasaron moitas semanas e queremos que se dé

solución a esta incerteza que pón en risco a saúde dos que alí conviven.

A xunta de goberno acorda comunicar que os test no asilo foron realizados o día 17 de abril de 2020.

-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, en representación do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello 2020-E-RE-90:

Exposición de Motivos : En continuidade cos anteriores escritos rexistrados .

En relación coa situación interna no Asilo de Ribadavia e co estado de Alarma vixente.

SOLICITAMOS:

Despois de comprobar cunha enorme impotencia que as Autoridades sanitarias fan ouvidos xordos á nosa reclamación de realizar probas Test para traballadoras e usuarias de SAF e doutros servizos do Concello, chegamos á conclusión que debemos facer algo máis. Nese sentido, non podemos quedar paralizados nin pasivos mentres non chega a axuda que é imprescindible.

Todos e todas sabemos que nin o bo facer dos nosos traballadores nin que os usuarios do SAF non mostren síntomas, é unha garantía de nada. O noso grupo ven reclamándoo desde fai semanas.

1º Reclamar unha vez máis e de maneira reiterada que o SERGAS nos realicen probas-test para todos os usuarios e os traballadores do SAF. Así como de GES, Policía Local e Taxistas da concesión municipal. E se fora posible Guarda Civil de Ribadavia, en comunicación-colaboración coa Subdelegación. Así como de outros servizos que se considere necesario.

De non ser realizadas con inmediatez que o Concello Adquiera ditas probas-test. Tendo en conta que:

- o Test rápido debe ser completado cunha segunda fase.
- nas canles actuais de compra pódense solicitar, logo de prescrición de persoal

médico, que un laboratorio de diagnóstico privado faga os test. (coñecidos como laboratorio de análises clínicos).

2º. Reclamamos un Pleno Extraordinario neste mes de Abril para abordar unha modificación orzamentaria urxente para CONTRATO MENOR DE SUBMINISTROS.

- Recordamos que xa está solicitado este Pleno para aprobar a Moción de Axuda a autónomos e medidas sociais, dentro dun Plan de choque Social. Pleno que reiteramos e recordamos.

- Que se aborde nun Pleno extraordinario outra modificación orzamentaria para a adquisición e realización de Probas-Test SEGUINDO O PROTOCOLO DA AUTORIDADE SANITARIA para Servizo de Axuda no Fogar. Así como de GES, Policía Local e Taxistas da concesión municipal. E se fora posible Guarda Civil de Ribadavia, en comunicación-colaboración coa Subdelegación. Así como de outros servizos que se considere necesario.

3º. Que o Concello realice as xestións necesarias para que a Mutua contratada polo noso Concello inicie a comunicación e a colaboración sobre todas estas necesidades. Saber ata onde podemos traballar desde o Concello coa nosa Mutua nesta Crise do Covid19, e facelo.

4º. Respecto ao servizo de Taxis, como servizo público de concesión municipal, pedimos que sexa atendido de maneira prioritaria debido ao servizo importante que desenvolven e a súa exposición permanente nesta crise. Así, reclamamos:

- **que nas** labores de desinfección con Ozono feita fai uns días de todos os vehículos de Emerxencias, Policía Local e Guardia Civil de Ribadavia, parabenizámonos por esta boa acción que deben continuar, e pedimos que se inclúa nesta acción ao servizo de Taxis para a súa limpeza e desinfección.

- que se lle repartan ademais mascarillas apropiadas para a súa función, e se lle entregue o tipo de máscara que cada un demande, sempre que estea dispoñible,

- que se lle reparta material para a desinfección diaria e profesional acaída para este tipo de vehículos.

4º. Que o Concello traslade información aos grupos e á cidadanía ribadaviense sobre afectados:

- Casos reais cuantitativos de afectados/as no noso municipio. Sen información ao respecto.

- Número de falecidos no municipio relacionados co COVID19. A poboación ten

que concienciarse que este é un problema grave, tamén no noso municipio.

- Número de recuperados. A poboación debe ter exemplos e referencias para o optimismo.

A xunta de goberno acorda comunicar que o concello de Ribadavia se ten posto en contacto coa Mutua de Prevención de Riscos Laborais , que ten remitido ao concello a “ Orde SND /344/2020 , pola que se establecen medidas excepcionais para o reforzo do Sistema Nacional de saúde e a contención da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19” que prescribe:

Artigo 1.1 As comunidades autónomas terán a súa disposición os centros, servizos, establecementos sanitarios de diagnóstico clínico de titularidade privada ubicados na súa comunidade autónoma que non estén prestando servizo no Sistema Nacional de Saúde , así como o seu persoal.

1.2 En todo caso , a realización de probas diagnósticas polos citados centros, servizos e establecementos de diagnóstico clínico para a detección do Covid-19 quedará suxeita ao cumprimento dos requisitos establecidos no apartado segundo.

Artigo 2 : A indicación para a realización de probas diagnósticas para a detección do Covid-19 deberá ser prescrita por un facultativo de acordo coas directrices, instrucións e criterios acordados ao efecto pola autoridade sanitaria competente.

En base ao exposto , a Mutua de Prevención de Riscos Laborais do concello considera inviable legalmente que, directamente, por parte do concello se adquiran test para a proba do Covid-19, ou que se realicen de forma xenérica a grupos, sendo posible unicamente de forma individual previa prescripción médica.

En canto á solicitude de pleno extraordinario ten que ser solicitada pola cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación.

Os concelleiros e concelleiras propoñentes deberán solicitar por escrito , debidamente asinado por todos (Sentenza do Tribunal Supremo de 12 de febreiro de 1990), a convocatoria da sesión , razonando e motivando a necesidade da súa celebración (Sentenza do Tribunal Supremo de 29 de abril de 1992), os puntos a incluír na orde do día (Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de novembro de 2000) , e o texto das propostas de acordo que se pretendan adoptar.

Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, en representación do Grupo Municipal de

Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello 2020-E-RE-87:

Exposición de Motivos : En continuidade cos anteriores escritos rexistrados -

En relación coa situación interna no Asilo de Ribadavia e co estado de Alarma vixente.

1º. O domingo 29 de marzo tivemos información os membros do Padroado do positivo dun

traballador do Asilo. Ese mesmo día rexistro o seguinte escrito reclamando:

- Que se realice urxentemente o test a todos os profesionais sanitarios e coidadores de Ribadavia, do Asilo, Axuda no fogar e aos profesionais sanitarios. Non é admisible que o principal sector de risco nesta crise sexan as persoas

maiores e non se tomen as medidas necesarias para garantir que os seus coidadores non están expostos. Non é

admisible que as autoridades sanitarias se neguen a facer ditas probas.

De nada servirán as medidas de prevención se non aseguramos que as traballadoras e traballadores, así como

residentes do Asilo dan negativo na proba.

A Realización de probas a todas as profesionais, aínda que non manifesten síntomas, debe ser realizada para ter a

certeza de que as profesionais están ben e con boa saúde e os usuarios teñan as máximas garantías.

- **A Limpeza e desinfección interna do Asilo de maneira inmediata**, a cal se debera ter feito xa. E unha vez coñecido o

caso positivo dun traballador pedimos se adopten medidas urxentes de illamento e de seguridade para traballadoras

e residentes.

2º. O luns 30 de marzo recibimos todos os membro do Padroado un escrito detallado da

información interna do Asilo así como das medidas preventivas adoptadas. Axuntase.

3º. O venres 3 de abril, recibimos a información de que unha nova traballadora deu positivo, e que

o último día que estivo traballando foi o sábado. Que non é unha traballadora de atención directa,

non tivo contacto estreito cos residentes e por suposto traballou todo o día con mascarilla.

Seguimos vixiando síntomas en residentes e seguen sin detectarse. En epidemioloxía insisten en

que seguamos coas mesmas medidas que vimos adoitando. Xa están avisados no centro de saúde,

temos contacto diario con eles. Estamos a espera de si se fan test xeneralizados nas residencias. De

momento non nos comunicaron nada.

4º. O propio día 3 de abril o noso grupo rexistra unha vez máis:

1º. Que o Concello de Ribadavia, e tamén a través do Padroado, lle reclama á Consellaría de Política Social da

Xunta que apoie ao noso ASILO , con recursos e apoio técnico, co obxectivo de cooperar na inconmensurable labor

que os traballadores e traballadoras do Asilo están na facer.

2º. Que o Concello de Ribadavia realice a desinfección interior do ASILO a través dunha empresa especializada, xa que a día de hoxe aínda non obtivemos resposta positiva das Administracións.

3º. Que o Concello continúe reclamando ás autoridades sanitarias que nos proporcionen probas--TEST para

todos e todas as nosas traballadoras que están en contacto con persoas maiores. Por desgraza esta reclamación continúa sen ser atendida, a pesar de que a súa realización debiera ser unha prioridade absoluta. Polo que pedimos un esforzo especial desde o Concello á hora de facer a reclamación

5º. A semana do 6, 7 e 8 de abril facemos pública a nosa petición de TEST e de que é indispensable que se realicen Test-Probos no Asilo, despois de coñecerse que outros Asilos da provincia de Ourense están realizándoos desde como mínimo o domingo 5 de abril.

Sen noticia de que a urxente petición sexa atendida polas autoridades sanitarias.

6º. O mércores 8 de abril, chegamos a información de que no Asilo esa mañá tivemos que derivar a urxencias a un residente por posible broncoaspiración. Recibindo no Asilo chamada da residencia informando de que a persoa faleceu. Ademais, por outro lado informámonos que “nos mandan de volta unha residente que estaba ingresada. Non ten síntomas pero teremos que illala. Ten un cadro clínico moi complicado”.

7º. O xoves 9 de abril, no seo do Padroado, o noso representante pide como medida de presión pública que realicemos unha comunicación pública informando da situación do noso Asilo e afirma que “despois de comprobar cunha enorme impotencia que as Autoridades sanitarias fan ouvidosxordos á nosa reclamación de realizar probos Test para residentes e traballadoras, chegamos á conclusión que debemos facer algo máis. Nese sentido, non podemos quedar paralizados nin pasivos mentres non chega a axuda que é imprescindible. Todos e todas sabemos que nin o bo facer dos nosos traballadores nin que os residentes non mostren síntomas, é unha garantía de nada”.

E pedindo que:

“ como membro deste Padroado e como concelleiro de Ribadavia, esixo que este Padroado actúe.

1º. Realicemos unha comunicación pública que informe da situación do noso Asilo, con un traballador e unha traballadora que deron positivo.

2º. Informemos do bo traballo de prevención realizado polos traballadores do Asilo.

3º. Esixamos que nos envíen probos- test para todos os usuarios e os traballadores.”

8º. o sábado 11 de abril, nese mesmo seo do Padroado, o noso representante reiterou a petición,

de que e “se a Xunta e autoridades sanitarias non nos proporcionan con urxencia eses TEST e

probos, entón pido tomar medidas de maior contundencia. Anuncio que eu estudarei facelo a nivel

persoal no caso de que este Padroado non o faga, cuestión que aquí reclamo”.

Pedindo que desde o Concello e/ou desde o propio Padroado se proceda a comprar ou adquirir con urxencia estes TEST, se así fora posible xa que entendo a dificultade existente nun estado de alarma.

Recordamos que xa o luns 30 de marzo, nunha xuntanza de portavoces (telemática) o noso e outros grupos pediron que se fixera todo o posible para adquirir test – probas para o Asilo e SAF.

Ningunha das reclamacións foron aceptadas.

9º. O martes 14 de abril, tanto no escrito rexistrado como na Xunta de Portavoces que tivo lugar desde a Alcaldía informámonos que desde a Xerencia Provincial do SERGAS comunican que “esta semana pasarán polo Asilo a facer as probas, e que non se menciona que o vaian facer no SAF do Concello”.

O noso grupo trasladamos que:

- O Concello de Ribadavia denuncie por cauces internos administrativos, e públicamente a indefensión que nos causan as Autoridades Sanitarias.
- que desde o Concello e/ou desde o propio Padroado se proceda a adquirir con urxencia estes TEST.
- que o Concello traslade información aos grupos e á cidadanía ribadaviense sobre:
 - Casos reais cuantitativos de afectados/as no noso municipio. Desde o pasado 8 de abril sen dar información ao respecto.
 - Número de falecidos no municipio relacionados co COVID19. A poboación ten que concienciarse que este é un problema grave, tamén no noso municipio.
 - Número de recuperados. A poboación debe ter exemplos e referencias para o optimismo.
 - Casos positivos que existiron no Asilo, como método de presión ás Autoridades sanitarias.

Non se debe ocultar unha información tan importante á cidadanía, o noso grupo xa o solicitou reiteradamente no seo do Padroado do Asilo, sendo negada a nosa petición.

Polo que

estamos na obriga de reclamálo aquí como institución principal que somos no municipio e tamén no seo do Asilo.

10º. O mércores 15 de abril, hoxe mesmo, informan aos membros do Padroado dun novo positivo

no Asilo, esta vez dunha residente, así informábanos o Xerente:

“ Nos confirman resultado positivo da residente que foi onte a urxencias, queda ingresada.

Recordo que aquí foi illada dende que volveu do hospital as dúas últimas veces.

Comentoume César que a dirección do Sergas é coñecedora da situación y que están aplicando

criterios de número de residentes e casos positivos para facer os test. Seguimos contando con que o fagan esta semana. Por outra parte conseguín a través de Acolle 10 test rápidos para facer aos traballadores que tiveron mais contacto con ela. Espero poder acelos ao longo de hoxe. Teño que ir por eles a Lalín. O resto segue igual. Non se detectan síntomas. Ningún residente tivo contacto cercano con ela". Ademais pídenos na mesma información que "Rogo teñades a máxima discreción para evitar alarmas entre familias e residentes que non axuden moito".

SOLICITAMOS:

Despois de comprobar cunha enorme impotencia que as Autoridades sanitarias fan ouvidos xordos á nosa reclamación de realizar probas Test para residentes e traballadoras, chegamos á conclusión que debemos facer algo máis. Nese sentido, non podemos quedar paralizados nin pasivos mentres non chega a axuda que é imprescindible. Tampouco axuda que o Concello non fixera ningún esforzo porque se realicen test rápidos, tampouco fixo especial esforzo en que a xerencia provincial do SERGAS fixera as probas en Ribadavia. Todos e todas sabemos que nin o bo facer dos nosos traballadores nin que os residentes non mostren síntomas, é unha garantía de nada. O noso grupo víñao dicindo fai tempo e agora confirmase, xa que segundo os informes internos do Asilo a persoa residente que hoxe deu positivo tampouco tiña síntomas de COVID19.

Por conseguinte, como membro deste Padroado e como concelleiro de Ribadavia, esixo que este Padroado actúe.

1º e único punto: Que as medidas reclamadas polo noso grupo con anterioridade

sexan tidas en conta e levadas a cabo. Entre elas que:

- Que a Alcaldía, e presidencia do Asilo, realice unha comunicación pública para informar da situación do noso Asilo, con un traballador e unha traballadora, e unha residente que deron positivo.
- Informe do bo traballo de prevención realizado polos traballadores do Asilo.
- Esixamos que o SERGAS nos realicen probas-test para todos os usuarios e os traballadores, do Asilo e tamén do SAF. De non ser realizadas con inmediatez que o Concello Adquiera ditas probas test.

Tendo en conta que:

- o Test rápido debe ser completado cunha segunda fase.
- nas canles actuais de compra pódense solicitar, logo de prescrición de persoal médico, que un laboratorio de diagnóstico privado faga os test. (coñecidos como laboratorio de

análises clínicas).

- Por suposto, que con anterioridade se informe a residentes, aos seus familiares de contacto e aos traballadores/as do Asilo.
- Que o Concello traslade información aos grupos e á cidadanía ribadaviense sobre afectados:
- Casos reais cuantitativos de afectados/as no noso municipio. Sen información ao respecto.
- Número de falecidos no municipio relacionados co COVID19. A poboación ten que concienciarse que este é un problema grave, tamén no noso municipio.
 - Número de recuperados. A poboación debe ter exemplos e referencias para o optimismo.

A xunta de goberno acorda comunicar que o concello de Ribadavia se ten posto en contacto coa Mutua de Prevención de Riscos Laborais , que ten remitido ao concello a “ Orde SND /344/2020 , pola que se establecen medidas excepcionais para o reforzo do Sistema Nacional de saúde e a contención da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19” que prescribe:

Artigo 1.1 As comunidades autónomas terán a súa disposición os centros, servizos, establecementos sanitarios de diagnóstico clínico de titularidade privada ubicados na súa comunidade autónoma que non estén prestando servizo no Sistema Nacional de Saúde , así como o seu persoal.

1.2 En todo caso , a realización de probas diagnósticas polos citados centros, servizos e establecementos de diagnóstico clínico para a detección do Covid-19 quedará suxeita ao cumprimento dos requisitos establecidos no apartado segundo.

Artigo 2 : A indicación para a realización de probas diagnósticas para a detección do Covid-19 deberá ser prescrita por un facultativo de acordo coas directrices, instrucións e criterios acordados ao efecto pola autoridade sanitaria competente.

En base ao exposto , a Mutua de Prevención de Riscos Laborais do concello considera inviable legalmente que, directamente, por parte do concello se adquiran test para a proba do Covid-19, ou que se realicen de forma xenérica a grupos, sendo posible unicamente de forma individual previa prescripción médica.

En canto á solicitude de pleno extraordinario ten que ser solicitada pola cuarta parte, alomenos, do número legal de membros da Corporación.

Os concelleiros e concelleiras propoñentes deberán solicitar por escrito , debidamente asinado por todos (STS de 12 de febreiro de 1990), a convocatoria da sesión , razonando e motivando a necesidade da súa celebración (STS de 29 de abril de 1992), os puntos a incluír na orde do día (STS de 30 de novembro de 2000) , e o texto das propostas de acordo que se pretendan adoptar.

-Escrito de dona Noelia Rodríguez Travieso, concelleira do Grupo Municipal Socialista de Ribadavia , con número de rexistro de entrada no concello 1706 de 16 de abril de 2020, presenta a seguinte solicitude:

“ Dende co comezo da pandemia co Covid-19, levamos un mes pedindo que se leve a cabo a realización das probas test PCR a traballadores/as e residentes do Asilo Nós Anxos de Ribadavia , somos coñecedores que a incidencia é maior na poboación de maior idade , ao tratarse dun grupo máis vulnerabel por mor das súas pluripatoloxías.

Sabemos do traballo impecábel que as traballadoras do asilo están a facer de desinfección e coidados para evitar contaxios, e así llo facemos chegar ao xerente do asilo.

Despois de tantas semanas de demora por parte das Autoridades Sanitarias,se fai caso omiso ás nosas solicitudes de realizar as probas test PCR a traballadores e residentes da Fundación Nós Anxos de Ribadavia, cremos que por parte do Alcalde e Presidente da Fundación non se insistiu o suficiente ante a Xerencia do Sergas de Ourense na prioridade de levalas a cabo na maior brevidade posíbel , como se fixo noutras fundacións de ámbito privado.

Como membros do Padroado , somos coñecedores do labor escrupuloso que as traballadoras están a facer en materia de prevención, pero o seu esforzo non garante que se quede exento por falta de sintomatoloxía ou número de afectados , como hoxe poidemos comprobar ao informarnos dun caso positivo dunha residente, na que sen sintomatoloxía previa nos confirman a positividade do covid-19.

Solicitamos ao presidente do Padroado do Asilo de Ribadavia:

Que o Presidente e á súa vez, alcalde de Ribadavia, teña en conta as nosas solicitudes anteriores e se incida na realización das probas con carácter urgente.

Que o Presidente do asilo e alcalde , comunique e informe públicamente , como se fai a nivel institucional, e sin alarmar , da situación concreta e actual da Fundación , facendo públicos o número de afectados, tanto traballadores como residentes , explicando as medidas que se están a levar a cabo e /ou extremar. E sobre todo

,insistindo no bo facer do persoal e xerencia.

Queremos coñecer de primeira man , si o alcalde ten coñecemento da realización de probas test que se están a facer en Ribadavia a grupos importantes de veciños, e si ten esa información nola faga chegar.

Solicitamos tamén que o Segas no só realice probas ao Asilo e traballadores/as do Asilo, senón tamén se realicen ás traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar dependentes do concello.

De non conseguir estas probas nun tempo prudencial , solicitamos que o concello adquira as probas test baixo prescripción médica e se envíen a un laboratorio as mostras para obter os resultados. Sempre previa información de traballadores como familiares dos residentes.

A xunta de goberno acorda comunicar que o concello de Ribadavia se ten posto en contacto coa Mutua de Prevención de Riscos Laborais , que ten remitido ao concello a “ Orde SND /344/2020 , pola que se establecen medidas excepcionais para o reforzo do Sistema Nacional de saúde e a contención da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19” que prescribe:

Artigo 1.1 As comunidades autónomas terán a súa disposición os centros, servizos, establecementos sanitarios de diagnóstico clínico de titularidade privada ubicados na súa comunidade autónoma que non estén prestando servizo no Sistema Nacional de Saúde , así como o seu persoal.

1.2 En todo caso , a realización de probas diagnósticas polos citados centros, servizos e establecementos de diagnóstico clínico para a detección do Covid-19 quedará suxeita ao cumprimento dos requisitos establecidos no apartado segundo.

Artigo 2 : A indicación para a realización de probas diagnósticas para a detección do Covid-19 deberá ser prescrita por un facultativo de acordo coas directrices, instrucións e criterios acordados ao efecto pola autoridade sanitaria competente.

En base ao exposto , a Mutua de Prevención de Riscos Laborais do concello considera inviable legalmente que, directamente, por parte do concello se adquiran test para a proba do Covid-19, ou que se realicen de forma xenérica a grupos, sendo posible unicamente de forma individual previa prescripción médica.

-Escrito de dona María Teresa Rodríguez Estevez, en representación do Grupo Municipal do BNG de Ribadavia, con rexistro de entrada no concello número 1708 de 16 de abril de 2020:

Propostas sobre a resposta do concello ás circunstancias sobrevidas dende a chegada da pandemia causada polo Covid-19.

Dende a primeira quincena do mes de marzo a nosa vida cotiá foi sacudida pola emerxencia derivada da chegada do Covid-19, especialmente dende que se declarou o estado de alarma en todo o Estado español o día 14 de marzo.

PRIMEIRA FASE.

Podemos identificar unha primeira fase na que a emerxencia sanitaria era a preocupación única para nós. Esa preocupación por impedir a extensión da pandemia no noso concello foi ate agora a principal preocupación, cun punto central nas persoas que reciben o servizo de axuda no fogar (SAF) e nas persoas acollida no asilo da Fundación Nosa Señora dos Anxos, pola especial vulnerabilidade das persoas anciás ante o coronavirus.

Así, a representación do BNG tanto nas xuntas de portavoces coma nas do padroado da Fundación centrou o seu interese en que se puidera salvagardar ás persoas anciás e que tamén se puidesen gardar todas as prevencións hixiénicas naqueles puntos en que durante o estado de alarma se producen as maiores aglomeracións de xente.

Así, o 29 de marzo, recollendo a bagaxe do expresado nas xuntas de voceiros municipais, trasladabamos por escrito a nosa visión das prioridades de actuación a seguir:

-reclamar da consellería de sanidade a realización con urxencia de test de detección de Covid-19 ao persoal que traballa no asilo e máis no SAF, e a continuación aos anciáns usuarios destes servizos

-reclamar da consellería de política social o material adecuado e suficiente para o traballo no asilo e no SAF

-informar ás familias dos anciáns residentes no asilo da situación actual na que un traballador está diagnosticado como portador do Covid-19 e ofrecerlle a posibilidade de que se trasladen aos seus domicilios familiares mentres dure a emerxencia sanitaria, coa posibilidade de que reciban a prestación do servizo de axuda no fogar

-solicitar da consellería de política social colaboración para trasladar ás persoas internas do asilo a residencias pertencentes á consellería de política social

Moitas destas cuestións seguen pendentes, aínda que non podemos negar que escapa dos medios municipais o poder resolvelas. De feito, o BNG non ten responsabilidades de goberno nin neste concello, nin na nosa deputación, comunidade autónoma ou goberno estatal, pero priorizamos a achega de propostas, a difusión de información de interese público e non da alarma innecesaria, a crítica construtiva e, en definitiva, o apoio a quen intervéñen directamente na salvagarda da saúde pública por riba do aproveitamento partidista dos evidentes erros e carencias

das distintas institucións do Estado español que esta pandemia está a por de manifesto (é envexable, por exemplo, como actuou Portugal).

SEGUNDA FASE:

Non está resolta a cuestión sanitaria (a día de hoxe anunciouse a realización de mostras entre residentes e traballadoras do asilo, pero non para as do SAF), e agora faise cada vez máis manifesta a problemática social que esta crise está a xerar:

- numerosas persoas maiores que viven en soidade e nas que a extensión do confinamento a bo seguro está a afondar nos seus problemas de saúde física e mental
- familias en risco de exclusión social para as que se acentúan as dificultades cotiás, tanto para atender gastos básicos como para poder seguir a escolarización a distancia dos seus fillos
- traballadores que están a quedar en paro, tanto temporal (ERTE) como definitivo (as previsións falan dunha suba do desemprego dun 7% da poboación activa, o que podería deixar sen traballo ate 200 persoas máis no noso concello para fin de 2020)
- autónomos e pequenas empresas, sobre todo de hostalería, servizos e comercio, a quen o necesario confinamento cortou os seus ingresos de xeito parcial ou mesmo total
- sectores produtivos fundamentais coma o do viño que están a acusar un considerable descenso de vendas mentres teñen que manter os gastos de explotación

Tendo en conta a excepcional gravidade da situación e a configuración da representación municipal, faise necesario a adopción de medidas froito do acordo, sen que se reproduza o patrón de actuación que o PP con maioría absoluta segue na Deputación de Ourense e máis na Xunta.

Por todo elo propomos:

- a elaboración de informes dos distintos servizos municipais sobre as necesidades máis urxentes a cubrir no seu ámbito de actuación
- redacción dun informe no que a intervención e a tesouraría municipal expoñan cales son as partidas económicas que o concello non gastou nin vai utilizar, así como aqueles gastos extraordinarios que se realizaron ou vaian necesitar mentres dure o estado de alarma
- unha vez coñecido o balance, e supondo que quedan certas partidas sen gastar, destinar eses recursos a atender os problemas anteriores
- demandar doutras administracións, fundamentalmente da Deputación provincial a achega de fondos á nosa institución, xa que os concellos están asumindo tarefas que non son da súa estrita competencia
- unha vez cuantificadas as dispoñibilidades económicas acordar consensuadamente un plan de actuación do concello que tería, entre outros que se puideran suscitar, os seguintes puntos de actuación:
 - plan de emerxencia social ás familias en risco de exclusión, persoas maiores dependentes ou que viven soas, persoas discapacitadas, estudantes, que incluíría o reforzo de persoal de SAF e das axudas de emerxencia a estes colectivos
 - programa de axuda a autónomos e pequenas empresas para paliar menoscabos producidos durante o estado de alarma: pagamento de cuotas de seguridade social, bonificación de impostos
 - plan especial de promoción económica da hostalería e o comercial local: celebración de actividades e axudas extraordinarias para recuperar a afluencia de clientes cando se reabran os establecementos
 - programa de reforzo escolar para axudar á infancia no regreso ás aulas e facilitando durante o verán a actualización de aprendizaxes de cara ao vindeiro curso

- programa de promoción do viño do Ribeiro aproveitando os fondos da Feira do Viño
- plan de emprego destinado a conseguir a empregabilidade das persoas en paro
- impulso de obras públicas para reactivar o sector da construción, paliando o deterioro de espazos públicos e recuperando emprego

Este conxunto de propostas que achega o BNG debería ser froito dun acordo plenario que comprometera a toda a corporación a facilitar as modificacións orzamentarias precisas e que obrigara ao goberno municipal a cumprilo na súa integridade, e ten prioridade ao noso entender sobre outros documentos que son necesarios pero non imprescindibles coma os orzamentos municipais.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Notificación da Resolución da Presidencia da Deputación en relación á realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial para o exercicio 2020, comunicando que a limpeza das estradas OU-0305 e OU-0306 deberá realizarse no período comprendido entre o 15 de xuño de 2020 e o 31 de xullo de 2020.

-Escrito do Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar notificando a resolución da aprobación da 1ª liquidación de 2020 Réxime de cofinanciamento para as Escolas Infantís xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CERTIFICACIÓN FINAL Nº 1 DA OBRA DENOMINADA “MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación final nº 1 da obra denominada “Mellora de camiños municipais no Concello de Ribadavia”, redactada pola Técnico Director da Obra Don Salvador Añel Prada, executado pola empresa Mial Cifer S.L., por un importe total de 22.044,88 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación final nº 1, anteriormente indicada por importe de 22.044,88 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Mial Cifer S.L. co nº 0008 , de data 20.04.2020, pola mesma cantidade.

MEDIDAS DE APOIO AO TECIDO EMPRESARIAL MUNICIPAL DE RIBADAVIA.

A Pandemia do COVID-19 convertiuse nunha emerxencia sanitaria a nivel global. Esta emerxencia sanitaria está transmitíndose á economía e á sociedade a gran velocidade, afectando tanto á actividade produtiva, como á demanda e ao benestar dos cidadáns. Neste contexto, a prioridade absoluta en materia económica debe consistir en protexer e dar soporte ao tecido produtivo e social para minimizar o impacto e lograr que, unha vez finalizada a alarma sanitaria, poida producirse, o antes

posible, un rebote da actividade comercial e produtiva, minimizando o perverso efecto da situación que estamos a atravesar.

Neste sentido, e tendo sempre presente tanto a realidade municipal como o ámbito competencial derivado do marco legislativo vixente, o goberno municipal mantivo contactos cos diferentes sectores implicados para recabar información de cómo esta situación está a afectar a todo o tecido comercial e empresarial de Ribadavia e, neses contactos, chegouse á conclusión da necesidade de elaborar un documento de liñas básicas sobre as que trazar unha estratexia municipal para a recuperación da actividade comercial unha vez superada a situación de estado de alarma.

A intención do goberno municipal de Ribadavia é a de que este documento sexa un documento aberto e participado, que recolla o maior número de achegas das diferentes partes implicadas nesta tarefa de reactivación da actividade económica, social e comercial do noso concello, por eso, unha vez elaborado este borrador en base aos traballos previos realizados polos técnicos municipais, darase traslado do mesmo a os diferentes grupos políticos que componen o Pleno municipal, e aos Establecementos Asociados do Ribeiro para que, no prazo de unha semana, poidan realizar achegas, modificacións, consultas ou calquera outra apreciación que estimen oportuna para enriquecer o documento, de tal xeito que o resultado deste proceso sexa a elaboración dun documento final no que apareza reflexado un “Plan de Apoio e Dinamización do Tecido Empresarial e Comercial de Ribadavia” que conte co apoio unánime de todos os actores implicados nesta tarefa.

Tendo esto presente, o documento inicial de medidas de apoio ao tecido empresarial e comercial de Ribadavia contempla a actuación en catro liñas estratéxicas, sobre as cales se van establecendo unha serie de medidas de desenvolvemento de cada unha delas. Cómpre poñer de manifesto que as medidas que se propoñen móvense dentro do ámbito competencial propio das entidades locais e para o seu desenvolvemento necesitan de dotación orzamentaria específica en moitos dos casos polo que, como traballo complementario á redacción deste plan, cómpre dotar de recursos ao mesmo, pola vía administrativamente máis acaída, en función da evolución da situación de execución orzamentaria do exercicio 2020, tendo presente que neste contexto de pandemia global e coas medidas aplicadas dende a administración central parece posible pensar que moitas das actividades programadas e orzamentadas no documento orzamentario vixente, non poderán realizarse, o que suporía poder contar con recursos económicos adicionais para a correcta dotación económica deste plan e o desenvolvemento das súas diferentes medidas.

Ditas medidas de axuda ao pequeno comercio e autónomos teñen como finalidade complementar e coordinar os plans que poñan en práctica outras administracións, como o Estado, a Xunta de Galicia, ou a Deputación Provincial de Ourense.

1.- MEDIDAS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN.

Creación de espazos de participación online. Empregando as ferramentas dispoñibles poderán crearse este tipo de espazos na web do concello, que recollan as propostas de mellora, ou as opinións da cidadanía (enquisas, buzóns de suxestións...). Faise necesario buscar unha participación activa da cidadanía para aglutinar e recoller diferentes puntos de vista sobre as posibles

solucións á situación de excepcionalidade na que nos atopamos. A necesidade de unidade de acción faise fundamental nunha situación destas características.

2.- AXUDAS DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS.

Dentro deste ámbito contémplanse diferentes tipos de axudas pero que deben camiñar sempre cara ao horizonte desexable de mantemento e potenciación da actividade, non tería sentido, e incluso sería contraproducente, habilitar liñas de axuda destinadas a paliar gastos acumulados neste período pero que non estivesen vinculadas ao mantemento da actividade no futuro, pois cómpre non desviarse da idea de que debe ser estratéxica a finalidade de aumentar, hacia futuro, a actividade comercial no noso concello. Polo tanto, tendo isto presente, contemplamos as seguintes liñas de axuda que deberán dotarse economicamente en función da dispoñibilidade orzamentaria:

Destinadas ao mantemento e/ou posta en marcha da actividade empresarial, poderían definirse axudas para:

- Gastos estruturais e de funcionamento correntes (alugueiros de locais, aprovisionamento de existencia, suministros, comunicacións..). Por exemplo, un criterio para concedelas poderían ser os gastos e inversións realizados nos dous ou tres meses anteriores á situación de estado de alarma, establecendo un máximo de axuda por empresa.
- Primaranse as axudas á autónomos, pequeno comercio, calquera que sexa a súa entidade xurídica e aqueles sectores afectados polo peche obrigatorio e ter domicilio fiscal en Ribadavia.
- Serán compatibles coas axudas convocadas por calquera outra administración (estatal, autonómica).
- Axudas para adecuar os servizos aos requerimentos do COVID –19, anticipándose ao levantamento progresivo do estado de alarma.
- Bonificacións e exencións en impostos e taxas municipais, sempre de acordo coa normativa legal vixente.
- Retrasar o cobro de impostos ou taxas (dependendo da tipoloxía).
- Eximir o pago de taxas por “inactividade” (por exemplo, ocupación da vía pública con mesas e cadeiras).

3.- PROMOCIÓN DO COMERCIO LOCAL.

Definiranse campañas de promoción e publicidade encamiñadas a dinamizar o comercio e a economía local:

- A través da web e redes sociais do concello poñeranse en marcha diferentes campañas que fomenten o consumo no comercio local. Dentro deste ámbito será importante colaborar dende o concello, na medida do que demanden dende o tecido comercial e produtivo, a creación e posta en marcha de ferramentas globais de comercio electrónico, creando se fora preciso un centro comercial virtual en Ribadavia.
- Promoción de cadeas curtas de subcontratación. Fomentar o consumo de bens e servizos locais.
 - Os establecementos de restauración ou aloxamentos, deberían implicarse no consumo de produtos locais e de proximidade (por exemplo, o Viño, que se xa da D.O Ribeiro e non darlle prioridade a outras D.O.).
 - Organización de eventos,
 - Deseño e comunicación.
 - Catering.

O Concello deberá aplicar este criterio nas contratacións de servizos externos.

- Inversión en posicionamento web e rr ss do concello, unha vez que se inclúa toda a información relativa aos bens e servizos que se poden atopar no concello de Ribadavia co obxecto de incentivar o consumo.
- Pódese promover con formación si fora posible entre o empresariado a creación de tendas online e incluír algunha axuda para a implantación da mesma. Unha vez creada, o Concello axudará á súa promoción.
- Elaboración e difusión de material promocional do Concello e os seus principios diferenciadores.

4.- DEFINICIÓN DUNHA ESTRATEXIA TURÍSTICA MUNICIPAL EN COOPERACIÓN CON ENTIDADES DA COMARCA DO RIBEIRO.

Rivadavia é unha vila turística que debe definir unha estratexia para recuperar aos visitantes que tamén van a contribuír á dinamización local.

O turismo vai ser un sector moi afectado por esta crise. Unha vez que se levante o estado de alarma, debe traballarse por unha banda en incentivar ao turista a saír da súa casa e unha vez que sae motivalo a visitar Ribadavia, en particular e O Ribeiro en xeral.

Todo indica que o turismo vaise mover en entornos de proximidade, polo que temos que ter en conta isto a hora de definir a Estratexia que imos empregar, ademais, debemos implicar a outras entidades que van a traballar para promover o turismo na Comarca:

- Xeodestino Ribeiro – Carballiño.
- Ruta do Viño do Ribeiro.
- Asociación Camiño Miñoto – Ribeiro.
- GDR Ribeiro Carballiño (de cara ao novo periodo de programación no presuposto da UE)”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar as liñas relativas as medidas de apoio o tecido empresarial do Concello de Ribadavia, todo elo con fin de paliar as consecuencias derivadas da crise provocada polo COVID-19.

2º.- Dar traslado os diversos grupos municipais e a Asociación Establecementos Asociados do Ribeiro (EAR), os efectos de estudo e aportacións que estimen convintes polo prazo de 7 días dende a recepción da presente.

3º.- Publicar o presente acordo na páxina web e redes sociais do Concello os efectos de coñecemento en xeral, para que os que o estimen poidan presentar as suxestións que estimen oportunas a través da administración electrónica do Concello Ribadavia, <http://ribadavia.sedelectronica.gal> (consta un enlace na páxina web do Concello www.ribadavia.es) ou ben a través do correo electrónico concello@ribadavia.es.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as once horas e dez minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.